



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno e ante o Alcalde en relación coa **construción dunha edificación anexa á Casa da Xuventude**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A chamada Casa da Xuventude de Ribeira estase construíndo no barrio de Abesadas. Este é un equipamento que dende o BNG solicitamos reiteradamente a súa execución e adaptación ás necesidades da mocidade ribeirense.

Na actualidade, próxima á Casa da Xuventude, estanse construíndo os cimentos dunha pequena edificación anexa (con posible uso de pequeno quiosco/bar), de ao redor de 20 metros cadrados. Esta edificación está próxima a a un edificio de vivendas que ten un supermercado no seu baixo.

Tal como se está facendo, esta edificación vai estar situada a 2,70 metros da parede do edificio e a só 1,70 metros do voadizo do mesmo, quedando así moi preto das vivendas.

A veciñanza non está dacordo con que esta edificación se sitúe tan preto das vivendas xa que poderían darse situacións de risco para a seguridade dos mesmos.

Asemade esta edificación non está no proxecto oficial da casa xuventude.

Ante esto o Grupo Municipal do BNG

SOLICITA:

Que o concello de Ribeira tome as medidas oportunas para que non se constrúa esta edificación na actual ubicación.

Ribeira, 15 de Novembro de 2008

Asdo.: Luís Teira Parada

Concelleiro do BNG de Ribeira